Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 20 de marzo de 2025

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **20 de marzo de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Manuel Santos Costa
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Juan Manuel Casares Gándara
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
Patricia García González
José Alberto Pazos Couñago
Noelia Pérez López
Cristina Sanz Arias

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Óscar Insua Lema
Rosana Pérez Fernández
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Emendante:
Silvia Longueira Castro (S)

Outros intervenientes:
José Luis Ferro Iglesias (P)

Propoñente:
Raquel Arias Rodríguez (P)

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes.

Logo da constatación deste, a señora presidenta comunica que o señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, incorporarase a sesión un pouco mais tarde ao estar asistindo a outra sesión que se está a celebrar paralelamente con esta.

Por outra banda, a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do doc. núm. 21971, no que o G.P. dos Socialistas de Galicia solicita o aprazamento da proposición non de lei da súa autoría doc. núm. 20988 (1.5). Aprazamento que se acepta por asentimento.

1.5 20988 (12/PNC-001960)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que acepte a quitación de débeda pública ofrecida polo Goberno central nas negociacións para o financiamento das comunidades autónomas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f1, do 05.03.2025

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 17211 (12/PNC-001603)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e Ruanova Vilas-Boas, Brais
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da suba do salario mínimo interprofesional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 145f2, do 27.01.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda de adición (doc. núm. 21970), e unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 22008), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG)**, quen, tras xustificar a autoemenda, procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda do grupo parlamentario emendante a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversas dúbidas a respecto da proposta defendida.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante intervén a **señora Pérez López, Noelia (P),** quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, solicita a votación por puntos.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG)**, tras comentar as argumentacións dos voceiros que o precederon no uso da palabra, incide na importancia da iniciativa e refire as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, así como tampouco acepta a votación por puntos.

1.2 20375 (12/PNC-001900)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que promova a construción en 2025 dunhas novas instalacións de comedor no CEIP Altamira, de Salceda de Caselas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162f1, do 26.02.2025

A Presidencia comunica que a esta Proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 22026), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Espinosa Mangana, María Elena (S**), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG arriba subliñado.

Na rolda do grupo parlamentario emendante, intervén o **señor Ruanova Vilas-Boas, Brais (BNG),** para explicar o sentido da súa emenda, á vez que se posiciona a prol da proposta formulada.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante a **señora García González, Patricia (P)**, explica as razóns polas que o seu grupo non considera necesaria esta iniciativa e destaca as actuación que se están a levar a cabo por parte da Xunta de Galicia.

Incorpórase a sesión o señor Ojea Bouzo (M).

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S**), logo de expoñer as razóns polas que non acepta a emenda presentada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, manifesta a súa preocupación e desacordo cos argumentos expostos pola voceira do G.P. Popular de Galicia.

1.3 20857 (12/PNC-001943)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa actual xestión do mosteiro de San Clodio de Leiro e co seu futuro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f1, do 05.03.2025

PARLAMENTO DE GALICIA

A **señora Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG)** -*logo de abandonar o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento*-, expón os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento, interveñen o **señor Ojea Bouzo (M)** e a **señora Iglesias Rey (S),** para anunciar o voto favorable dos seus respectivos grupos parlamentarios á proposta formulada.

Nesta mesma rolda o **señor Ferro Iglesias, José Luis (P)**, tras expoñer diversas consideracións sobre as intervencións do/as voceiro/as que o precederon no uso da palabra, explica as razóns polas que non considera necesaria a aprobación desta proposta.

Na rolda de puntualizacións a **señora Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG),** expón diferentes consideracións a respecto das argumentacións manifestadas polo voceiro do grupo maioritario, coas que discrepa e insiste na defensa da súa iniciativa.

Rematado o debate desta proposición non de lei a señora Presas Bergantiños incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

1.4 20920 (12/PNC-001951)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que asuma o 50 por cento dos custos das prestacións da atención á dependencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f1, do 05.03.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 22027), da que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

A continuación concédelle a palabra á **señora Arias Rodríguez, Raquel (P)**, quen motiva as razóns nas que se basea esta iniciativa de impulso, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupo parlamentario emendante a **señora Longueira Castro, Silvia (S),** refire as razóns polas que o seu grupo presentou esta emenda, logo de matizar moitas das argumentacións expostas pola propoñente.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, o **señor Ruanova Vilas-Boas, Brais (BNG),** tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola propoñente, xustifican o apoio do seu grupo parlamentario á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Arias Rodríguez, Raquel (P**), logo de agradecer o apoio amosado polo voceiro do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, argumenta as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1 17211 (12/PNC-001603), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal coa a adición da autoemenda (doc. núm. 21970), resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 5
Votos en contra: 9
Abstencións: 2

2 20375 (12/PNC-001900), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

3 20857 (12/PNC-001943), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

4 20920 (12/PNC-001951), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado** por:

Votos a favor: 14
Votos en contra: 0
Abstencións: 2

O texto aprobado é o seguinte:

PARLAMENTO DE GALICIA

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do España para que asuma o 50 por cento dos custos das prestacións de atención á dependencia, en cumprimento do establecido na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.»

Sen mais asuntos que tratar a presidenta agradece a todos a súa colaboración e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:35 horas.

V. e ɔr.

Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2025.04.14 11:22:09 +02'00'

Manuel Santos Costa
Secretario da Comisión

Manuel Santos Costa

Firmado digitalmente por Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Manuel Santos Costa, email=manuel.santos.costa@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.04.14 10:14:00 +02'00'